



## Historia do tecido tradicional

Esperanza Díaz Beltrán  
Artesá textil

**F**iar e tecer son actividades que se fan dende tempos remotos e que están documentadas a partir do Neolítico e do Mesolítico. Hai pinturas rupestres que demostran que nesa época, as persoas xa cubrían o seu corpo con teas.

O tecido, comenzaría como tal, no momento en que as persoas se fan sedentarias e no que aparece a agricultura (cultivo do liño e animais domésticos que proporcionan la).

Na cultura castrexa utilizábase un tear vertical, aparecen en moitos lugares as pesas do tear (pezas en forma de pirámide ou circulares) que se utilizaban para tensar a urdime. Tamén aparecen en moitos castros uns pequenos discos ou esferas, achatadas e furadas polo medio, que terían a finalidade de axudar na rotación do fuso (fusaiolas). Tanto os pesos como as fusaiolas eran de barro ou de pedra.

Damos un salto na historia, para pasar directamente á Idade Media, porque a estrutura social desta época, mantense en Galicia practicamente ata principios e mediados do século XX. Dende a Idade Media, as mulleres campesíñas constitúen a maior parte da poboación femenina en Galicia. Son as mulleres e fillas dos criados e dos labregos. O traballo destas mulleres é moi duro, elas levan a cabo todo tipo de tarefas no campo: traballaban cos homes na sementeira, na sega e na colleita, coidan as hortas e o gando, atenden os rebaños, moen o gran, moxen as vacas, etc. Pero ademais hai diversos labores dos que se encargan fundamentalmente as mulleres: buscar auga á fonte ou ó pozo, acender o lume, preparar a comida e manter orde na casa, coidar ós nenos, atender ós enfermos e preparar e chorar ós mortos.

As mulleres ocúpanse tamén de

tecer e confeccionar a roupa para tódalas persoas que viven na casa, preparan e cardan a la, fian, tecen e cosen.

Ó ir aparecendo os mercados, ténese a cambiar os produtos sobrantes e producir para o mercado, o que fai que apareza unha industria rural



de carácter doméstico; industria fundamentalmente textil, levada a cabo por mulleres que nas épocas do ano en que hai menos traballo no campo, dedícanse a tecer (colchas, sabas, roupas ou teas) con esta venda axudan á economía familiar.

Nas facendas señoriais, hai normalmente un grupo de criadas e artesás que fian e tecen, dende o mencer ata o anoitecer, a cambio, normalmente, da posada e da comida.

Mentras que no resto de Europa, e mesmo nalgúns lugares de España, comenza nos séculos XVII e XVIII a revolución industrial, que fai cambiar as condicións do traballo textil, (cando o fiado e tecido pasou a ser feito por máquinas, os homes invaden este campo deixando de lado ás fiandeiras e tecedeiras), en Galicia, continúaase fiando coa roca e o fuso e o tear continúa sendo o de sempre, colocado na parte que menos moleste da casa, na bodega, nunha paleira e nalgunhas ocasións na

corte ("polo menos estábase algo quente no inverno"). A tecelá segue facendo a roupa para a casa, algunha colcha de "felpa" ou "media felpa" que lle encarga algunha veciña, os "mandís" e "mantelos" para se cubrir no inverno, etc.

A finais do século XIX e principios do XX, aparecen nos mercados os "lenzos da feira", que son teas de algodón feitas por medios mecánicos e moito máis atractivas, por ser máis suaves que as de liño, tecidas no tear. Eses lenzos industriais, con raias, flores e outros adornos, comenzan a utilizarse para poñer no peito das camisas, que era a parte visible, e o resto seguía sendo de liño ou estopa. Iso daba categoría á persoa que a levaba. Ó ir sendo mais asequibles este tipo de teas fóronse deixando de tecer, pois o liño daba moito traballo. Na época da guerra civil e a postguerra, ata os anos 1950-1960, volveuse a tecer, por necesidade, porque os lenzos comprados estaban moi caros e escasos. Pero o viren de novo tempos mellores, poucas foron as tecedeiras que seguiron tecendo, e poucos os teares que resistiron as longas noites de frío e non se transformaron en leña. Ás veces eran simplemente un estorbo, ocupaban moito sitio e no seu lugar podíase gardar herba ou trastos: "¿E para qué o quere, avoa, se xa non lle sirve para nada?"

